



## Acta da Asamblea Xeral

16 de febreiro de 2026

**Lugar:** Medios telemáticos. Sala de zoom

**Hora:** 20:30 h sesión extraordinaria

Orde do día,

- 1.- Lectura e aprobación se procede da acta da Asemblea anterior.
- 2.- Normativa da Sección de Tríatlón do CGTD
- 3.- Calendarios 2026 -Actualizacións
- 4.- Rogos e preguntas

Asistentes:

Presidente-Javier Campos Peña

Secretaria Xeral- Mónica Flores Ferreiro

---

### ESTAMENTO DE CLUBS

AD Fogar da Xuventude- (Gustavo Alvarez Nogueira  
Cidade de Lugo Fluvial- Adrián Vázquez Fernández  
Club Triatlón Ferrol –José Antonio Formoso Pita  
Club Triatlón Santiago- Paloma Herbello Hermelo  
Club Triatlón Rias Baixas, Enrique Hernández Moldes  
Club Natación Cedeira- Xan Xosé Suárez Vilela  
Club Olímpico de Vedra – Ismael García Vázquez

### ESTAMENTO DEPORTISTAS

Patricio Farias Forneiro

Pablo Cabanelas Eiras

### ESTAMENTO TÉCNICOS

Javier Campos Peña\*

Ana Valín Rodríguez

### ESTAMENTO OFICIAIS/XUICES

Mónica Flores Ferreiro\*

Javier Ángel Vázquez Orejas

---

## Desenvolvemento da sesión e Acordos Adoptados

Iniciase a sesión ás 20:35 h de xeito online.

### 1.-Lectura e aprobación da acta da Asemblea anterior

Indícase que a acta xa foi enviada e polo tanto salvo que alguén desexe que se lea ou aclare algo procédese a votación.

Procédese á votación da acta coa anterior subsanación

Votos a favor- 13

Votos en contra-0

Abstencións- 0



## 2.- Normas de Convivenza CGTD

O presidente introduce e explica que os motivos da presente convocatoria de asemblea urxente se debe ao feito de que o punto da normativa que prohíbe o cambio de club a deportistas durante o goce da súa bolsa, estivo causando esta tempada problemas a un gran número de deportistas. Os deportistas, menores de idade, para acceder á súa bolsa deben ter licenza por un club de acordo á normativa da SXD. Tentouse falar coas partes para aproximalas e observouse que nalgún caso existe un claro conflito entre os clubs de orixe e os deportistas que solicitan cambiar, o que non fai posible este acordo sen prexuízo do menor, quen debería gozar de liberdade de movemento. Como federación correspóndenos garantir a súa estabilidade deportiva e persoal. Coa normativa federativa vixente, se o club de orixe non autoriza o cambio, o deportista queda nun limbo sendo o único prexudicado. De xeito temporal, seguindo o regulamento de licenzas vixente, adscribíense os deportistas con licenza galega independente para que poidan adestrar mentres non se chega a un acordo, pero isto por un lado prexudica o seu desenvolvemento deportivo xa que non pode participar a nivel nacional en probas de clubs de referencia para o CGTD (Liga talento,...) se ben por outro lado tería que pertencer a un club de acordo ás bases para concesión das bolsas. O presidente consultou á Federación Española en relación á situación xa que a nivel estatal se estivo nunha situación parecida cos dereitos de formación dos menores, recorridos ante o CSD dende fai un ano, aínda sen resolución, pero con claros indicios de que sendo a única parte prexudicada o menor (o club de orixe xa non conta con el igualmente) se resolverá a favor del xa que goza de protección de liberdade de elección de club. A FETRI, neste sentido eliminou os dereitos de formación para todos os menores esta tempada e o avogado da FETRI a quen se consultou, considera que a nosa norma é totalmente ilegal igualmente nese sentido. En canto á Secretaría Xeral para o Deporte indican que non poden pronunciarse, que deberíamos ir ao Comité de Xustiza Deportiva o que dilataría no tempo as solucións, xa que igual que o CSD non se resolvería en menos dun ano ou dous.

Procédese ao debate e exposición dos pros e contra por parte dos asistentes e a continuación á votación para a retirada deste punto, quedando aprobada a retirada do punto da norma.

Votos a favor- 7

Votos en contra-2 (AD Fogar e Rias Baixas)

Abstencións- 4

O presidente do AD Fogar, Gustavo Alvarez Nogueira, pide que conste en acta que vota en contra da modificación planteada, entendendo que a retirada deste punto da norma actual de Convivenza CGTD vai en contra do interese xeral dos clubs minoritarios desta federación, dentro do seu papel de desenvolvemento dos e das deportistas e por tanto tamén do triatlón na nosa comunidade, en favor duns poucos clubs e deportistas.

Continuando coas propostas presentadas polo AD Fogar, o seu presidente, Gustavo Álvarez, indica que os clubs non se teñen en conta en ningún momento nestas normas ademais de que non son consultados en ningún momento para o seguimento deportivo dos seus deportistas bolseiros. Indica que retira as súas propostas xa que non ten sentido aprobar nada que cando teña afectación se vaia retirar.



O presidente da FEGATRI, Javier Campos, propón crear un comité onde se teña en conta aos clubs que teñan deportistas no CGTD de cara á renovación da normativa do CGTD xa que esta foi creada fai máis de 20 anos e debería actualizarse ao contexto actual.

### 3.- Calendarios 2026

- Ratificación de calendario vixente de probas e actualización das últimas propostas
  - 19/04/2026- Dúatlon Concello de Vilalba- Proba de Liga
  - 19/04/2026- Dúatlon Concello de Vilalba- Cto Xunta de Galicia de Remudas Mixtas- Proba de Liga
  - Dúatlon Escolar de Rábade- Clasificatoria Lugo- 15 de febreiro
  - Dúatlon Escolar -FP Lugo- 11 de abril

Procédese á votación

Votos a favor- 13  
Votos en contra-0  
Abstencións- 0

### 4.- Rogos e preguntas

Mónica Flores, Secretaria Xeral, informa de que se está a traballar nos regulamentos, calendarios e censos para o proceso electoral, contando que no mes de marzo se convocarían as eleccións para rematar sobre o mes de agosto.

Levántase a sesión ás 22:05 h. do 16 de febreiro.

  
Asdo.- A Secretaria Xeral  
Mónica Flores Ferreiro

VºBº

**FEGATRI**  
FEDERACIÓN GALEGA DE TRIATLÓN  
E PENTATLÓN MODERNO

Rúa Castelao 21, ent. 2  
27001 Lugo | 982 251 345  
Asdo.- O presidente  
N.I.F. V36703932  
Javier Campos Peña